

CIRCUÍTO GALEGO DE LANZAMENTOS LONGOS 2025

2ª Xornada

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo (FGA) organiza a 2ª xornada do Circuito Galego de Lanzamentos Longos 2025, co patrocinio do Concello de Ordes, o **01 de febreiro** na Cidade Deportiva de Vista Alegre (Ordes - A Coruña):
<https://maps.app.goo.gl/ZuUyauSkTTv6dCir6>

Art.2).- Poderán intervir atletas Sub 16 e superiores, con licencia en vigor pola FGA.

- A preferencia na admisión seguirá a seguinte orde:
 - i. Atletas dende Sub 16 a Sénior.
 - ii. Atletas con mellores marcas nas tempadas 2024 e 2025.
- Nas “probos prioritarias” terán preferencia os atletas segundo o recollido no punto anterior.
- Naquelas probas que non sexan prioridade para o atleta, terán maior preferencia na admisión aqueles atletas que non teñan acadada praza nunha primeira proba.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 20:00 horas do luns 27 de xaneiro.

- No caso de realizar inscrición en máis dunha proba, deberase indicar “P1” nas observacións da proba prioritaria.

Art.4).- Horario:

Hora	Proba	Sexo	Grupo
10:00	Disco	Masc e Fem	Grupo B
10:00	Xavelina	Masc e Fem	Grupo B
11:25	Disco	Fem	Grupo A
11:25	Xavelina	Masc	Grupo A
12:50	Disco	Masc	Grupo A
12:50	Xavelina	Fem	Grupo A
14:50	Martelo	Masc	Grupo A
16:15	Martelo	Fem	Grupo A
17:40	Martelo	Masc e Fem	Grupo B

Art.5).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 1h antes do comezo da súa proba.

Art.6).- Número de intentos:

- Grupo A
 - o Terán todos 3 intentos e, as 8 mellores marcas, independentemente da súa categoría, disporán doutros 3 intentos de mellora.
- Grupo B
 - o Terán todos 3 intentos, sen mellora.

Art.7).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a servizos@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de **6€ por atleta**.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de **5€ por proba**, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo servizos@atletismo.gal antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

A Coruña, a 12 de decembro de 2024